

## DOMINGO 30 ORDINARIO CICLO C

PRIMEIRA Eclo 35, 15b-17. 20-22a (gr. 12-14. 16-18)

**A oración do humilde traspasará as nubes**

### PROCLAMACIÓN DA PALBRA RECOLLIDA NO LIBRO DO ECLESIAÍSTICO

Deus é un Deus xusto  
e non ten preferencias de persoa;  
non tomará parte contra o pobre  
mais presta oídos ás demandas do asoballado,  
non refuga os saloucos do orfo  
nin da viúva que repite o seu laio  
Semellante laio acada o seu favor,  
o seu berro chega ata as nubes.  
O grito do pobre traspón as nubes,  
non pousa ata chegar á meta,  
non cede ata que Deus o atende  
e que o xuíz veraz faga xustiza;  
tampouco Deus a retardará.

SALMO RESPONSORIAL Sal 33, 2-3. 17-18. 1-9 e 23

**R/ (7a): Clamou o pobre e Deus escoitouno**

Eu bendigo ao Señor en todo instante,  
teño sempre na boca a súa louvanza;  
gloríome no Señor,  
e os humildes alégranse, ao escoitalo.

mais o Señor mira con enfado aos malvados,  
para borrar da terra a súa memoria.  
Claman aqueles, e o Señor escoita,  
líbraos de todas as angustias.

O Señor está preto do aflixido,  
salva ao asoballado.  
O Señor redime os seus servos:  
non será castigado quen a El se acolle.

SEGUNDA 2 Tim 4, 6-8. 16-18

**Finalmente darásese a coroa de xustiza**

**PROCLAMACIÓN DA PALBRA RECOLLIDA  
NA SEGUNDA CARTA DE SAN PAULO APÓSTOLO A TIMOTEO**

Benquerido irmán:

A min xa me falta pouco para derramar o meu sangue, e o meu pasamento está a chegar. Combatín unha loita brillante, rematei a miña carreira, gardei a fe. O que me resta é a coroa da xustiza que me está reservada. E o Señor, que é xuíz xusto, hama entregar aquel Día. E non só a min senón a todos os que arelan a súa Vinda gloriosa.

Na miña primeira defensa non me asistiu ninguén, todos me deixaron. ¡Que Deus llelo perdoe! Pero o Señor asistíume e deume forza para que eu rematase a predicación e todas as nacións a escoitaran. E libroume da boca do león. O Señor hame librar de toda obra perversa e hame manter vivo para o seu Reino celestial. Sexa para El a gloria polos séculos dos séculos. Amén.

ALELUIA 2 Cor 5, 19:

Deus, en Cristo, reconcilia ó mundo consigo,  
e deunos a nós unha palabra de reconciliación

**DOMINGO 30 ORDINARIO CICLO C**

EVANXEO Lc 18, 9-14

**Baixou o publicano xustificado para a súa casa ao contrario que o fariseo**

**PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO LUCAS**

Daquela, Xesús propuxo esta parábola dirixíndose a uns que estaban moi seguros de si mesmos, créndose perfectos e desprezando os demais:

- Dous homes subiron ao templo a orar; un era fariseo e outro recadador de impostos.

O fariseo, de pé, oraba para os seus adentros deste xeito: "Meu Deus, douche grazas porque non son coma os demais: ladrón, inxusto e adúltero; nin coma ese recadador. Gardo o xaxún dúas veces por semana e pago o dezmo de todo canto gaño".

O recadador, en troques, manténdose a distancia, non se atrevía nin a levantar os ollos ao ceo, senón que petando no peito dicía: "Meu Deus, ten compaixón de min, que son un pecador".

Asegúrovos que este baixou reconciliado con Deus para a súa casa e, en cambio, o outro non. Porque a todo o que se teña por moito rebaixarano e a todo o que se rebaixe enaltecerano.